

## **ESPECIFICACIÓNS RELATIVAS AO TRATAMENTO E PRESENTACIÓN DE RESULTADOS DAS ENQUISAS DE AVALIACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO**

*Aprobadas na COAP do 9 de novembro de 2012*

No procesado das enquisas de avaliación docente se deberán cumprir as seguintes especificacións xerais:

1. Non serán tidas en conta nin se procesarán os ítems ou subítems con menos de cinco respostas, cando se teñan leido todas as enquisas dun grupo homoxéneo aqueles ítems ou subítems que teñan un número de respostas inferior a cinco serán postas a cero de xeito que nos cálculos globais non aparezan por efecto de sumar grupos homoxéneos de enquisas. Supóñase p.ex. que un profesor foi avaliado en dúas materias diferentes, nun grupo de enquisas referidas á primeira materia os ítems 11.1, 11.2 e 11.3 teñen 3 respostas, no informe referido a esa materia o resultado debe ser nulo no que respecta a eses ítems, no outro grupo de enquisas da outra materia as respostas dos mesmos ítems son novamente 3, no informe de esa materia o resultado dos mesmos ítems tamén debe ser nulo, no informe global do profesor referido as dúas materias nas que foi avaliado non poden aparecer valoracións dos mesmos ítems dado que nos parciais tampouco aparecen aínda que a suma de respostas neste caso sería de 6.

Esta cautela non será de aplicación cando o número de enquisas aínda sendo menor de cinco supoñan alomenos un 50% dos alumnos matriculados na materia (p.ex 3 enquisas nunha materia que ten 6 alumnos matriculados).

2. No procesado débese contrastar que existe correspondencia entre o código da materia e o código do profesor, é dicir, que o profesor ten docencia na materia segundo o P.O.D. e rexeitar as enquisas cubertas que non cumpran esa condición. Tamén deberá rexeitar códigos incorrectos (tanto de materia como de profesor).

3. Co resultado do procesado faráse un informe por cada materia segundo o seguinte formato:

**INFORME DE MATERIA**

**MATERIA:** *Nome da materia*    **CÓDIGO:** *código materia*

**Nº TOTAL DE MATRICULADOS:** *nº*

**Nº DE RESPONSTAS:** *Máx de ítem/subítem*

**TITULACIÓN:** *Nome da titulación*

**PROFESORADO QUE A IMPARTE:** *Relación alfabética de profesores/as cos seus códigos*

**VALORACIÓN**

ITEM	1	2	3	4	5	MATERIA	CURSO	TITULACIÓN	UNIV.
1.1	X	X	X	X	X	M.S			
1.2	X	X	X	X	X	M.S			
1.3	X	X	X	X	X	M.S			
1.4	X	X	X	X	X	M.S			
1.5	X	X	X	X	X	M.S			
<b>GLOBAL 1</b>						<b>M.P</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>
2.1	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S
2.2	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S
<b>GLOBAL 2</b>						<b>M.P</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>

M.S = *Media simple*

M.P = *Media ponderada*

M.S(P) = *Media simple das medias ponderadas*

Na cabeceira o nº de respostas será o máximo das respostas obtidas nun ítem ou subítem. Indicarase o número de respostas (distribución de frecuencias) que obteñen cada unha das puntuacións posibles entre 1 e 5. Se o número de respostas totais é inferior a cinco, o ítem ou subítem correspondente será posto a cero e eliminada a distribución de frecuencias (agás no caso indicado no punto 1).

Para a valoración de cada subítem calcularase a media simple, é dicir, a suma das puntuacións obtidas dividido polo número de respostas.

Para o ítem 1 darase unha puntuación global obtida como media ponderada dos subítems 1.1, 1.2, 1.3, 1.4 e 1.5 segundo a seguinte expresión:

$$\text{Global 1} = \frac{\sum \text{punt.1.1} + \dots + \sum \text{punt.1.5}}{\sum \text{resp.1.1} + \dots + \sum \text{resp.1.5}}$$

Para o ítem 2 darase unha puntuación global obtida como media ponderada dos subítems 2.1 e 2.2 segundo a seguinte expresión:

$$\text{Global 2} = \frac{\sum \text{punt.2.1} + \sum \text{punt.2.2}}{\sum \text{resp.2.1} + \sum \text{resp.2.2}}$$

Nos globais do ítem 1 e 2 deben figurar como referentes o conxunto das materias impartidas no curso, o conxunto das materias da titulación e o conxunto das materias da Universidade.

Os valores dos referentes calcularáanse por media simple das **calificacións globais** dos ítems 1 e 2 nos distintos referentes (curso, titulación, Universidade).

Os informes de materias poráanse a disposición do profesorado que imparte a docencia, ó/os Departamento/s responsable/s e ó Centro onde se imparte a titulación, mediante os medios habilitados ao efecto polos Servicios Informáticos da UVigo.

4. Co resultado do procesado faráse un **informe parcial de profesor/a por cada grupo homexéneo de enquisas**, é dicir, aquelas que se refiran á mesma materia e profesor/a segundo o seguinte formato:

## INFORME PARCIAL DE PROFESOR/A

### NOME E CÓDIGO DO/A PROFESOR/A

**AREA:** Nome e código da area

**MATERIA:** Nome da materia **CÓDIGO:** código materia

**TITULACIÓN:** Nome da titulación **CURSO:**

**Nº TOTAL DE MATRICULADOS NA MATERIA:** nº

**Nº DE RESPOSTAS:** Máx de ítem/subítem

ITEM	1	2	3	4	5	PROFESOR/A	MATERIA	CURSO	TITULACIÓN	ÁREA	DEP.	UNIV.
3.1	X	X	X	X	X	M.S						
3.2	X	X	X	X	X	M.S						
3.3	X	X	X	X	X	M.S						
3.4	X	X	X	X	X	M.S						
<b>GLOBAL 3</b>						<b>M.P</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>
4	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
5	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
6	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
7	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
8	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
9	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
10	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
11.1	X	X	X	X	X	M.S						
11.2	X	X	X	X	X	M.S						
11.3	X	X	X	X	X	M.S						
<b>GLOBAL 11</b>						<b>M.P</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>
12	X	X	X	X	X	M.S	M.S	M.S	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
<b>VALORACION PARCIAL</b>						<b>M.P</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>

M.S = Media simple

M.S\* = Media simple dos valores globais

M.P = Media ponderada

M.S(P) = Media simple das medias ponderadas

M.S(P)\* = Media simple das medias ponderadas globais

Na cabeceira, o nº de respostas será o máximo das respostas obtidas nun ítem ou subítem.

Indicarase o número de respostas (distribución de frecuencias) que obteñen cada unha das puntuacións posibles entre 1 e 5. Se o número de respostas totais é inferior a cinco, o ítem ou subítem correspondente será posto a cero e eliminada a distribución de frecuencias (agás no caso indicado no punto1).

Para a valoración de cada subítem 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 11.1, 11.2, 11.3, así como dos ítems simples 4, 5, 6, 7, 8, 9,10 e 12, calcularase a media simple, é dicir a suma das puntuacións obtidas dividido polo número de respostas.

Para os Items compostos 3 e 11 darase unha puntuación global obtida como media ponderada dos correspondentes subítems segundo a seguintes expresións:

$$\text{Global 3} = \frac{\sum \text{punt.3.1} + \dots + \sum \text{punt.3.4}}{\sum \text{resp.3.1} + \dots + \sum \text{resp.3.4}}$$

$$\text{Global 11} = \frac{\sum \text{punt.11.1} + \dots + \sum \text{punt.11.3}}{\sum \text{resp.11.1} + \dots + \sum \text{resp.11.3}}$$

Darase unha valoración parcial do profesor/a no conxunto dos ítems 3 a 12 calculada como media ponderada segundo a seguinte expresión:

$$2 \text{ Global3} + \text{Ítem4} + \text{Ítem5} + \text{Ítem6} + \text{Ítem7} + \text{Ítem8} + \text{Ítem9} + 2 \text{ Ítem10} + \text{Global11} + 2 \text{ Ítem12}$$

---


$$2a + b + c + d + e + f + g + 2h + i + 2j$$

sendo:

a=1 se Global 3≠0 e a=0 se Global 3=0

b=1 se Global 4≠0 e b=0 se Global 4=0

c=1 se Ítem 5≠0 e c=0 se Ítem 5=0

d=1 se Ítem 6≠0 e d=0 se Ítem 6=0

e=1 se Ítem 7≠0 e e=0 se Ítem 7=0

f=1 se Global 8≠0 e f=0 se Global 8=0

g=1 se Ítem 9≠0 e g=0 se Ítem 9=0

h=1 se Ítem 10≠0 e h=0 se Ítem 10=0

i=1 se Ítem 11≠0 e i=0 se Ítem 11=0

j=1 se Ítem 12≠0 e j=0 se Ítem 12=0

Como referentes tomaráse o profesorado da mesma Materia, Curso, Titulación, Área, Departamento e Universidade.

- Os referentes Materia, Curso e Titulación nos ítems compostos 3 e 11 calcularáanse facendo a media simple dos resultados dos correspondentes ítems dos **informes parciais** dos profesores que imparten a mesma materia e outras materias no mesmo curso e titulación respectivamente, é dicir, a suma das correspondentes cualificacións dividido polo número de cualificacións, tanto na mesma materia como no mesmo curso e titulación.

Os referentes Materia, Curso e Titulación nos ítems simples 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 12 calcularáanse facendo a media simple dos correspondentes ítems dos **informes parciais** dos profesores que imparten a mesma materia e outras materias no mesmo curso e titulación respectivamente, é dicir, a suma das correspondentes cualificacións dividido polo número de cualificacións, tanto na mesma materia como no mesmo curso e titulación.

Os referentes Materia, Curso e Titulación da **valoración parcial** do profesor nun conxunto homoxéneo de enquisas calcularáse facendo a media simple das **valoracións parciais** dos profesores da mesma materia e das restantes materias do mesmo curso e titulación, é dicir, a suma das cualificacións parciais obtidas polos profesores da mesma materia, como do curso e titulación dividido polo número de cualificacións.

- Os referentes Área, Departamento e Universidade nos ítems compostos 3 e 11 calcularáanse facendo a media simple dos resultados dos correspondentes ítems dos **informes globais** dos profesores da mesma área, do mesmo departamento e da Universidade.

Os referentes Área, Departamento e Universidade nos ítems simples 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 12 calcularáanse facendo a media simple dos resultados dos correspondentes ítems dos **informes globais** dos profesores da mesma área, do mesmo departamento e da Universidade.

Os referentes Área, Departamento e Universidade da **valoración parcial** do profesor nun conxunto homoxéneo de enquisas calcularáse facendo a media simple das **valoracións globais** dos profesores da mesma área, do mesmo departamento e da Universidade.

5. Co resultado do procesado faráse un **informe global** para cada profesor tendo en conta os diferentes grupos homoxéneos de enquisas, é dicir, todas as que se refiran a distintas materias e ó mesmo profesor segundo o seguinte formato:

**INFORME GLOBAL DE PROFESOR/A**

**NOME E CÓDIGO DO/A PROFESOR/A:**

**AREA:** *Nome e código da area*

**DEPARTAMENTO:** *Nome e código do departamento de adscripción*

**MATERIAS NAS QUE FOI AVALIADO:** *Relación de materias e códigos*

ITEM	1	2	3	4	5	PROFESOR/A	ÁREA	DEP.	UNIV.
3.1	X	X	X	X	X	M.S			
3.2	X	X	X	X	X	M.S			
3.3	X	X	X	X	X	M.S			
3.4	X	X	X	X	X	M.S			
<b>GLOBAL 3</b>						<b>M.P</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>
4	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
5	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
6	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
7	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
7	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
8	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
9	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
10	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
11.1	X	X	X	X	X	M.S			
11.2	X	X	X	X	X	M.S			
11.3	X	X	X	X	X	M.S			
<b>GLOBAL 11</b>						<b>M.P</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>
12	X	X	X	X	X	M.S	M.S*	M.S*	M.S*
<b>VALORACION GLOBAL</b>						<b>M.P</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>	<b>M.S(P)*</b>

M.S = *Media simple*

M.S\* = *Media simple dos valores globais*

M.P = *Media ponderada*

M.S(P) = *Media simple das medias ponderadas*

M.S(P)\* = *Media simple das medias ponderadas globais*

Indicarase o número de respostas (distribución de frecuencias) que obteñen cada unha das puntuacións posibles entre 1 e 5 sumando as respostas do mesmo ítem ou subítem de todos os informes parciais referidos ó mesmo profesor, se o número de respostas totais é inferior a cinco o ítem ou subítem correspondente será posto a cero e eliminada a distribución de frecuencias (agás no caso indicado no punto1).

Para a valoración de cada subítem 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 11.1, 11.2, 11.3, así como os ítems simples 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 12, calcularase a media simple, é dicir, a suma das puntuacións obtidas dividido polo número de respostas.

Para os ítems compostos 3 e 11 darase unha **puntuación global** obtida como media ponderada dos subítems do ítem segundo a seguintes expresións:

$$\text{Global 3} = \frac{\sum \text{punt.3.1} + \dots + \sum \text{punt.3.4}}{\sum \text{resp.3.1} + \dots + \sum \text{resp.3.4}}$$

$$\text{Global 11} = \frac{\sum \text{punt.11.1} + \dots + \sum \text{punt.11.3}}{\sum \text{resp.11.1} + \dots + \sum \text{resp.11.3}}$$

Darase unha valoración global do profesor/a no conxunto dos ítems 3 a 12 calculada como media ponderada segundo a seguinte expresión:

$$2 \text{ Global3} + \text{Ítem4} + \text{Ítem5} + \text{Ítem6} + \text{Ítem7} + \text{Ítem8} + \text{Ítem9} + 2 \text{ Ítem10} + \text{Global11} + 2 \text{ Ítem12}$$

---


$$2a + b + c + d + e + f + g + 2h + i + 2j$$

sendo:

- a=1 se Global 3 ≠ 0 e a=0 se Global 3 = 0
- b=1 se Global 4 ≠ 0 e b=0 se Global 4 = 0
- c=1 se Ítem 5 ≠ 0 e c=0 se Ítem 5 = 0
- d=1 se Ítem 6 ≠ 0 e d=0 se Ítem 6 = 0
- e=1 se Ítem 7 ≠ 0 e e=0 se Ítem 7 = 0
- f=1 se Global 8 ≠ 0 e f=0 se Global 8 = 0
- g=1 se Ítem 9 ≠ 0 e g=0 se Ítem 9 = 0
- h=1 se Ítem 10 ≠ 0 e h=0 se Ítem 10 = 0
- i=1 se Ítem 11 ≠ 0 e i=0 se Ítem 11 = 0
- j=1 se Ítem 12 ≠ 0 e j=0 se Ítem 12 = 0

Como referentes tomaráse o profesorado da Área, do Departamento e da Universidade.



Os referentes Área, Departamento e Universidade dos ítems calcularanse facendo a media simple dos resultados dos correspondentes ítems dos **informes globais** do profesorado da mesma Área, do mesmo Departamento e da Universidade.

Os referentes Área, Departamento e Universidade da **valoración global** do/a profesor/a calcularanse facendo a media simple das **valoracións globais** do profesorado da mesma Área, do mesmo Departamento e da Universidade.

Adicionalmente, a información obtida das Enquisas de Avaliación de Actividade Docente do profesorado poderá ser obxecto de tratamento para xerar outros informes ou referentes que completen os xa establecidos, que poidan ser de utilidade para o análise da actividade docente.

